# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36000922 | IES María Soliño | Cangas | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Proxecto competencial | 3º ESO | 1 | 35 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 9 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 9 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 10 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 10 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 11 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 11 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 12 |
| 7.2. Actividades complementarias | 13 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 13 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 14 |
| 9. Outros apartados | 14 |

## 1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
O grupo de 3º ESO A está composto por 21 alumnos/as, 3º ESO B está composto por 21 alumnos/as e o grupo de 3º ESO C está composto por 20 alumnos/as, con idades comprendidas, ao inicio do curso, entre os 14 e os 16 anos.
A materia de Proxecto Competencial configurarase como un proxecto interdisciplinario e traballos monográficos. A través de actividades reforzaranse os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os diferentes saberes.
Tomarase como referencia o proxecto do centro deste ano: Vida saudable.
Desenvolveranse, polo tanto, as actividades a partir dos obxectivos de vida saudable.
A materia de Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
A través da realización de proxectos significativos e da resolución colaborativa de problemas, oriéntase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna. | 1 | | | 1 | 1-5 | 3 | 1-2-3 | |
| OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran. | 1-3 | | 5 | 3 | 1-3 | 2 | 3 | |
| OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais. | 1-5 | 3 | 3 | 2-3 | 1-3 | | | 3-4 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Analizando a nosa alimentación! | Determinarase os temas nos que cada grupo vai pescudar información sobre unha alimentación saudable e sobre enfermidades relacionadas coa alimentación (a pirámide nutricional, os alimentos e as proporcións saudables de cada categoría, elaboración dun menú saudable, os nutrientes, as recomendacións da OMS, o consumo de azucre, sal e comida procesada e industrial, a análise dos diferentes tipo de bebidas, o IMC, as enfermidades relacionadas coa alimentación, os TCA e a interpretación das etiquetas dos produtos que mercamos, etc). | 35 | 14 | X | | |
| 2 | Hábitos de vida saudable. | Determinarase os temas nos que cada grupo vai pescudar información sobre un deporte do seu interese para amosar que a práctica dalgunha actividade física, asociada a unha boa alimentación, está conectada directamente co noso benestar físico e emocional.<br>O alumnado tamén poderá tratar outros temas relacionados cos hábitos de vida saudable como poden ser a hixiene persoal, corporal e postural, o descanso, a saúde mental, as habilidades afectivas e sociais, así como a prevención de accidentes e os primeiros auxilios. | 35 | 11 | | X | |
| 3 | Presentando o noso proxecto de vida saudable e elaboración de xogos para os recreos activos. | Os proxectos consistirán en elaborar unha serie de xogos e actividades físicas co fin de poñelos en práctica nos "recreos activos".<br>Elaboración do produto final e presentación do mesmo ao resto da comunidade educativa mediante enquisas, charlas e carteis. | 30 | 10 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Analizando a nosa alimentación! | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Recoñecer a importancia da temática do proxecto. | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto. Mencionar as fontes empregadas para a elaboración do proxecto. | | |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa. | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto. | | |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Temporalizar adecuadamente o proxecto. | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Solventar incidencias que poidan xurdir. | | |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Executar as actuacións planificadas na temporalización prevista. | | |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar os coñecementos axeitados. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar recursos e materiais necesarios. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados logrados. | | |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Presentación do proxecto. | | |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade. | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas. | | |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | Potenciar as emocións positivas na exposición. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procura e selección de información relacionada cos proxectos.<br>- Planificación: secuenciación e temporalización.<br>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.<br>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.<br>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Hábitos de vida saudable. | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Recoñecer a importancia da temática. | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto. | | |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa. | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto. | | |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Temporalizar adecuadamente o proxecto. | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Solventar incidencias que poidan xurdir. | | |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Executar as actuacións planificadas na temporalización prevista. | | |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar os coñecementos axeitados. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar recursos e materiais necesarios. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados logrados. | | |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Presentación do proxecto. | | |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade. | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas. | | |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | Potenciar as emocións positivas na exposición. | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procura e selección de información relacionada cos proxectos.<br>- Planificación: secuenciación e temporalización.<br>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.<br>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.<br>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Presentando o noso proxecto de vida saudable e elaboración de xogos para os recreos activos. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Recoñecer a importancia da temática do proxecto. | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto. Mencionar as fontes empregadas para a elaboración do proxecto. | | |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa. | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto. | | |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Temporalizar adecuadamente o proxecto. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Solventar incidencias que poidan xurdir. | | |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Executar as actuacións planificadas na temporalización prevista. | | |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar os coñecementos axeitados. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar recursos e materiais necesarios. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados logrados. | | |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Presentación do proxecto. | | |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade. | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas. | | |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | Potenciar as emocións positivas na exposición. | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procura e selección de información relacionada cos proxectos.<br>- Planificación: secuenciación e temporalización.<br>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.<br>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.<br>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia trata de conseguir que, a través dunha aprendizaxe práctica, o alumnado adquira e consolide un estilo de vida saudable, entenda a relación entre o consumo e a sustentabilidade, adquira unha cultura científica básica que lle permita tomar decisións no mundo actual, valore a importancia dunha boa alimentación e da práctica deporte na vida diaria e comprenda a necesidade da conservación do medioambiente para poder consumir alimentos de calidade.
As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.
O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.
As actividades relacionaranse con outras materias, buscarase unha aprendizaxe significativa de coñecementos, habilidades e actitudes para a vida cotiá do alumno.
O uso das distintas tecnoloxías e a aula virtual (E-Dixgal) serán fundamentais para estas actividades.
Na terceira avaliación, para a máxima difusión ao resto da comunidade educativa, terán liberdade no formato de presentación e dos medios: charlas, exposicións nos taboleiros e corredores do centro. Poderán elaborar unha revista, unha reportaxe gravada, unha exposición nos corredores...
Neste proxecto, trabállanse todas as competencias clave contribuindo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Matemáticas (estatísticas sobre a alimentación, cálculo do IMC...)
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscar información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto, a pirámide tridimensional, os debuxos dos alimentos...)
- A linguas estranxeiras impartidas no noso centro: inglés, portugués e francés (na pirámide, o nome dos alimentos aparecerán nesas LE ademáis de en LG e LC).
- Educación física co deseño e xestión das actividades para os "recreos activos".

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Recursos dixitais. Uso do ordenador (Proxecto E-Dixgal) |
| Medios audiovisuais |
| Material de refugallo |

Búsquedas en Internet e manexo de distintos programas na eleboración das tarefas (Canvas, pwp, kahoots, etc).
O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado do seu ordenador persoal e de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.
Para os recreos activos, o alumnado terá que elaborar as actividades co material que nos facilitou o curso pasado o departamento de Educación Física, así como con materiais de refugallo.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Pretende ser o punto de partida xa que a proba de avaliación inicial é un instrumento de diagnóstico que proporcionará información sobre os coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias CLAVE do alumnado, así como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Partiremos da pregunta inicial en clase sobre que son os hábitos de vida saudable e como definirían unha alimentación saudable.
Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.
Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación, levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **35** | **35** | **30** | **100** |
| **Táboa de indicadores** | 100 | 100 | 100 | **100** |

**Criterios de cualificación:**

Considerarase que o alumno ou a alumna ten a materia aprobada cando obteña unha cualificación positiva (5) nas tarefas propostas. É imprescindible a presentación do traballo proposto no prazo establecido para poder superar a materia.
Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas (véxase o apartado 3.3). Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo e desempeño de rol concreto. No diario de clase levaremos o rexistro das tarefas realizadas e os hábitos de traballo. Tamén poderase realizar algunha proba tipo test de verdadeiro ou falso, preguntas de opción múltiple, respostas curtas ou asociación de termos con definicións ou imaxes sobre diferentes aspectos traballados no proxecto.
A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais (véxase o apartado 3.1).
O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior sempre que se cumpran TODOS os seguintes requisitos :

- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 0,51.
- Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.

**Criterios de recuperación:**

É imprescindible a presentación do traballo proposto para poder recuperar a(s) avaliación(s) suspensas.
No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas tipo test de resposta única, de verdadeiro ou falso, preguntas de opción múltiple, respostas curtas ou asociación de termos con definicións ou imaxes sobre diferentes aspectos traballados nos proxectos do curso.
A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.
Se o/a alumno/a ten algunha avaliación suspensa terá que recuperar esa(s) parte(s), excepto que a nota sexa superior a 4 e que a media das 3 avaliacións sexa 5 ou maior que 5 .
No caso de que non se cumpra co requisito anterior, o/a alumno/a deberá realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas tipo test de resposta única, de verdadeiro ou falso, preguntas de opción múltiple, respostas curtas ou asociación de termos con definicións ou imaxes sobre diferentes aspectos traballados nos proxectos do curso.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Aos/ás alumnos/as que atopándose en 4°ESO teñan pendente a materia de Proxecto Competencial de 3ºESO realizaraselle un seguimento a través de fichas que deberán completar coa axuda se se precisa do/a profesor/a da materia o longo do curso. Estas fichas resoltas serán entregadas para o seu seguemento. No caso de non superar a materia mediante a entrega das fichas na data proposta por xefatura, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas tipo test de resposta única, de verdadeiro ou falso, preguntas de opción múltiple, respostas curtas ou asociación de termos con definicións ou imaxes sobre diferentes aspectos traballados nos proxectos de 3ºESO.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, as actividades serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.
Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X |
| ET.3 - Competencia dixital e comunicación audiovisual | X | X | X |
| ET.4 - Educación para convivencia, a cooperación e a solidariedade | X | X | X |
| ET.5 - Educación emocional e en valores | X | X | X |
| ET.6 - Igualdade de xénero | X | X | X |
| ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X |
| ET.8 - Educación para a saúde | X | X | X |
| ET.9 - Educación do consumidor | X | X | X |
| ET.10 - Educación ambiental | X | X | X |
| ET.11 - Creatividade | X | X | X |

**Observacións:**

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:
- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. É necesario dotar aos/ás alumnos/as de instrumentos de análises cara ao exceso de consumo de produtos innecesarios.
- Evitaranse os comportamentos irrespetuosos, os estereotipos e os contidos sexistas.
- Promoverase o respeto cara o traballo dos demais compañeiros/as do equipo e dos demáis grupos.
- Respetarase a opinión dos/das demais nos debates, sen discriminación de ningún tipo.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza e a igualdade.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Exposicións. | Exposición e explicación do proxecto ao resto da comunidade educativa. | | | X |
| Visitas | Visitas asociadas ó proxecto do centro | X | X | |
| Charlas | Charlas asociadas ó proxecto do centro | X | X | |
| Os recreos activos | Deseño e posta en práctica de xogos e actividades que promovan os hábitos saudables nos recreos. | | | X |

**Observacións:**
As actividades complementarias estarán asociadas a distintos departamentos asociados ó proxecto de centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación dos obxectivos e dos contidos. |
| Idoneidade das actividades propostas e a súa secuenciación. |
| Diversificación de estratexias que respondan aos distintos intereses e ritmos de aprendizaxe. |
| Adecuación da metodoloxía e dos materiais empregados. |
| Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas |
| Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades |
| Nivel de interacción con e entre o alumnado e o clima establecido na clase. |
| Participación activa de todo o alumnado |
| Utilización dos distintos instrumentos de avaliación |
| Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación |
| Todo aquilo que favoreza o proceso de ensino e aprendizaxe: organización, espazos, agrupamentos. |
| Coordinación cos profesores que interveñen co mesmo grupo de alumnos a través do profesor titor, así como a comunicación cos pais. |
| Validez das estratexias de avaliación establecidas na materia |

**Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e as familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.
O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

# 9. Outros apartados